

O GABINETE DE  
**RICARDO BLANCO CICERÓN**

DO COLECCIONISMO AO MUSEO



DO 12 DE SETEMBRO  
AO 10 DE NOVEMBRO DE 2024

Edificio Sarmiento  
Museo de Pontevedra

XVII Congreso Nacional de Numismática  
Numismática, que e para que? Xeración e transferencia de coñecemento  
12, 13 e 14 de setembro  
[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

 Deputación  
Pontevedra

 MUSEO  
PONTEVEDRA

**DOSSIER PARA  
MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN**

## O gabinete de Ricardo Blanco Cicerón. Do coleccionismo ao museo

Do 12 de setembro  
ao 10 de novembro  
de 2024

Museo de  
Pontevedra, Edificio  
Sarmiento

Comisaria: Erea  
Castro Alfonso

Ricardo Blanco Cicerón (Tui, 27/10/1844–Santiago de Compostela, 31/07/1926) procedía da acomodada familia tudense Centeno y Cicerón, ligada á nobreza galega. Dedicoulle a súa vida ao dereito, á administración e á actividade política como xefe rexional de Galicia na Junta Nacional de la Comución Tradicionalista, presidida polo marqués de Cerralbo.

O seu gusto e paixón polas artes e as humanidades levouno a atesourar unha vasta colección de obxectos, entre os cales destacan




Gabinete de Ricardo Blanco  
Cicerón

as xoias protohistóricas, con torques, diademas e aneis; machadas de bronce; moedas; medallas; documentos medievais e outras moitas pezas de diversas épocas. Este labor granxeoulle o seu recoñecemento como o coleccionista de maior relevancia para a historiografía da arte en Galicia, sen esquecer outros coetáneos coma Casto Sampedro, Francisco Pazos, Federico Maciñeira e Marcelo Macías, entre outros.

Ricardo Blanco Cicerón foi esencial no desenvolvemento da sociedade Viuda e Hijos de Simeón García de la Riva, precedente do que máis tarde sería o Banco Simeón. Entendeu a importancia de preservar o legado artístico galego, coñecer os achados arqueolóxicos que se producían no noso territorio e permitir o seu estudo e divulgación a aqueles que se introducían no que algúns denominaron "(...) o museíño do Señor Blanco Cicerón na Rúa da Senra, núm. 3".

Hoxe, o Museo de Pontevedra recupera a figura de quen Casto Sampedro definiu como "o meu amigo e terror de coleccionistas e arqueólogos e anticuarios pasados, presentes e futuros", un mecenas e custodio da arte galega, cuxas xoias constitúen grandes referentes nas coleccións de todos os centros museográficos de Galicia e do resto do territorio español.



Ricardo Blanco Cicerón

## SOBRE A EXPOSICIÓN

Esta mostra pretende saldar unha débeda da sociedade cunha persoa que entendeu que os bens históricos e arqueolóxicos formaban parte da identidade galega. Nela exhibiranse pezas destacadas do gabinete e da colección de Ricardo Blanco Cicerón que forman parte do patrimonio de destacados museos galegos e nacionais.

As obras expostas inclúen mobiliario e outras artes decorativas, aparellos relacionados coa numismática, fotografías, pinturas e publicacións, procedentes de diferentes institucións:

- Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña



- Museo de Belas Artes da Coruña
- Museo do Pobo Galego
- Museo das Peregrinacións
- Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela
- Coleccionistas particulares
- Fondos do Museo de Pontevedra

A maioría das pezas presentes na exposición nunca foran expostas antes. Podemos destacar, por exemplo:

- Mobles monetarios (Museo de Belas Artes da Coruña e Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña)
- Grafoscopio monoestereoscópico, que se empregaba como lente de aumento (colección particular)
- Colección de entalles e camafeos (Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña)
- Baleirados en xeso das columnas de San Paio de Antealtares actualmente no Museo Arqueolóxico Nacional (Museo de Pontevedra)
- Bodegón de Pura Anido (colección particular)
- Retratos de Dionisio Fierros (colección particular e Museo de Pontevedra)
- Libro da Confraría do Cirial de San Ildefonso ou de Cambiadores da Catedral de Santiago (1429-1548), pertencente a un dos gremios máis antigos de Santiago de Compostela (Arquivo Histórico da USC)
- Exemplos da vastísima colección de medallas e moedas de Ricardo Blanco Cicerón (Museo de Pontevedra)



Algunhas medallas da colección de Ricardo Blanco Cicerón no Museo de Pontevedra

## CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA

A exposición enmárcase no XVII Congreso Nacional de Numismática, que ten lugar en Pontevedra do 12 ao 14 de setembro de 2024, organizado polo Museo de Pontevedra e a Sociedade Iberoamericana de Estudos Numismáticos.

**“Numismática, que e para que? Xeración e transferencia de coñecemento”** é o tema que vertebrará esta edición do congreso. Profesionais procedentes de distintos ámbitos relacionados con esta disciplina protagonizan sesións de debate nas que se pon o foco no futuro que lles agarda ao estudo e á divulgación desta ciencia. Tamén se inclúen no programa arredor de 80 comunicacións de estudos recentes sobre coleccións, novos achados e proxectos de investigación en desenvolvemento.

Con esta edición preténdese crear un espazo de diálogo común no que participen persoas especialistas e iniciadas, achegarlle a disciplina a quen non a coñeza e xerar un compromiso de coparticipación entre aquelas que a manteñen vixente para establecer novas dinámicas que garantan a súa supervivencia.

Coordinador científico:

- Antonio Roma Valdés

Comité executivo e secretaría técnica:

- Antonio Roma Valdés
- Erea Castro Alfonso
- Agar Ledo Arias

<https://museo.depo.gal/congreso-nacional-de-numismatica>

**XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA**

**NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE?**

Xeración e transferencia de coñecemento

12, 13 e 14 de setembro de 2024  
Edificio Castelao. Museo de Pontevedra  
museo.depo.gal

Patrocinada por: Real Casa de la Moneda, Deputación Pontevedra, Museo Pontevedra, USC, Xriabaixas